

## **Acta Reunión Extraordinaria - Comisión de Calidade do Centro (CCC)**

Data: 29 de outubro de 2021

Hora: 12:00 h. (2ª convocatoria)

Lugar: TEAMS

### **Asistentes**

González Álvarez Julia

Losada Carril David Enrique

Mosquera Corral Anuska

Mucientes Molina Manuel

Omil Prieto Francisco

Palacios Oubiña M Carmen

Pardo López Xosé Manuel

Pichel Campos Juan Carlos

Rodríguez Figueiras Oscar

Rodríguez Martínez Héctor

**Xustifican a súa ausencia:** Cabaleiro Domínguez Jose Carlos.

### **1. Aprobación de actas das reunións anteriores..**

A Directora indica que están pendentes de aprobación as actas de 19/04/2021 e 24/09/2021, reunións ordinaria e extraordinaria, respectivamente, e que foran anexadas á convocatoria. Sen comentarios da Comisión, son aprobadas por asentimento.

### **2. Informes**

A Directora comenta que entre 27/09 e 5/10 foron realizadas as enquisas a alumnos de nova incorporación. (Másters en Big Data, Enxeñaría Ambiental, Enxeñaría Química e Bioprocesos, e os Graos en Enxeñaría Química e Enxeñaría Informática, que se deben incluír nos respectivos informes. No Máster en Visión por Computador estiveron abertas ata 23/10, xa finalizaron. A tasa de resposta foi razoable en Máster, non así en Grao.

Por outro lado, o 19/10 a Vice-Reitorado de Calidade realizou as xornadas de boas prácticas na USC, e se presentaran as boas prácticas recoñecidas do curso 2019/20.

### **3. Propostas para mellorar o proceso de admisión nos Másters.**

A Directora enumera as propostas: i) Dende o Máster en Big Data se pide que se permita a solicitude de prazas a alumnado de fóra da USC que non teña aínda o título: Neste momento isto só se permite ao alumnado da USC, e se limita a entrada. ii) Tamén se debe coñecer o calendario de matrícula con maior antecedencia: agora só se coñece en xuño, e maior antelación permitiría captar alumnado externo. iii) Adiantar prazos para alumnado estranxeiro, de xeito que poida facer os trámites con mais tempo.

MMM indica que o alumnado de outras Universidades teñen que ter o título na primeira matrícula, e non ter feito o depósito do título os elimina. Así estase a perder bo alumnado: O título debe estar no momento de incorporación para axilizar. O alumnado estranxeiro ten un período diferente. Pero só hai unha praza para estranxeiros, e o resto entran polo cupo normal. Se só reciben a aceptación en agosto, cos trámites para a viaxe se incorporan sempre tarde.

FOP concorda co anterior. En outras Universidades xa se coñece en xullo ou xuño. Outra cuestión é a oferta de Másters, que non para de crecer. Iso ten un efecto de dilución dos Másters que funcionan.

XMPL tamén concorda con todo o anterior. Este inicio de curso foi peor ca o anterior.

MMM indica que o proceso de matrícula para alumnado de fóra da USC é moi difícil. FOP apunta ao punto crítico: a parte administrativa.

A Directora indica que se fará a solicitude dende o centro relativa a todo o comentado, o que se aproba por asentimento.

#### **4. Revisión do procedemento de valoración para os informes de tramos docentes.**

A Directora comenta que hai unha solicitude do Grao en Enxeñaría Química de eliminar a mención “moi favorable” nos informes de avaliación docente, e para se aplicar xa neste ano ten que ser aprobado en Xunta de Escola antes do proceso de avaliación. A Directora pide a opinión dos títulos: O GrEQ xa o pide, falta o resto de títulos.

AMC di que a idea orixinal pode ter a súa razón de ser, pero neste momento xa non se distingue favorable/moi favorable, nin os criterios son claros (moi favorable a quen ten moita docencia en Grao, favorable quen ten menos). E non se aprecia o beneficio.

JCPC indica que se discutiu na Comisión do GrEI. Usábanse as enquisas de avaliación para distinguir entre favorable e moi favorable, pero agora na maioría de casos as enquisas non son válidas, e tamén se precisa de bastante tempo para a avaliación. Tamén apunta que é algo propio da ETSE, e que non se aplica no resto da USC.

XMPL indica que non ten efecto ningún, debería ser feito a nivel USC. Sendo así, implica tempo pero non ten efectos prácticos, non vale a pena.

A Directora comenta que o asunto das enquisas é crítico, porque é un criterio obxectivo pero está dificultando moito a falta de enquisas válidas. JCPC insiste en que non vale a pena porque a USC non distingue entre ambas valoracións.

DELC, FOP e MMM concordan. A Directora conclúe que a decisión final é da Xunta de Escola, e que se tratará na seguinte Xunta. É necesaria a opinión das Comisións de Título, e pide que se trate nas próximas reunións das comisións.

#### **5. Participación na convocatoria de recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros da USC 2021.**

A Directora comenta a convocatoria, e pide ideas para presentar. AMC indica os vídeos preparados como apoio para a docencia en laboratorios de prácticas. DELC pregunta se poden servir temas de captación de alumnado coma os campamentos de verán que se fixeron en xullo. A directora responde que serve todo o relacionado con calidade do Centro. AMC prefire esta última opción aos vídeos. A Directora propón o Foro de Empresas de Informática: xa é unha actividade ben desenvolvida na ETSE, de longo percurso e que se está a usar de base para organizar neste mesmo ano o Foro de Empresas de Enxeñaría Química. Propón tamén que se manteña a idea dos vídeos e os campamentos para futuras convocatorias, unha vez que teñan mais recorrido e implantación na ETSE. Os puntos fortes do Foro: a ampla traxectoria, o interés da parte do alumnado, e a eficacia conseguida.

A Comisión aproba a proposta por asentimento.

#### **6. Aprobación do informe de suxestións, queixas e reclamacións do curso 2020-21**

A Directora presenta tódalas suxestións, queixas e reclamacións do curso, relativas a administración, servizos e de cada título. Non hai queixas da administración nin das instalacións. Canto aos servizos hai dúas: falta de limpeza nos laboratorios e unha persoa sen mascarilla no Centro.

Nos títulos, non hai queixas nos Másters de Computación de Altas Prestacións, Big Data, Visión por Computador e Enxeñaría Química e Bioprocesos.

No Grao en Enxeñaría Informática hai 3, polos exames presenciais, a docencia en Sistemas Dixitais e en Aprendizaxe Automática. No Grao en Enxeñaría Química hai 6 relacionadas coa materia de Electrotecnia, un recurso de alzada por unha desas queixas, e outra queixa dunha docente pola obrigatoriedade e facer prácticas de campo na súa materia. No Máster en Enxeñaría Ambiental hai unha por un docente que non usou mascarilla e 6 reclamacións na materia de Contaminación de Solos.

O informe apróbase por asentimento.

#### **7. Revisión das accións de mellora do curso 2020-21 e programación do seu peche.**

A Directora explica que no curso 2019/20 hai 48 accións de mellora entre Centro e títulos, e que se organizan por obxectivos de calidade. Trátase agora de avaliar onde estamos porque cara ao final do ano é preciso pechalas, e xustificar se están feitas ou non.

AMC comenta que no Grao en Enxeñaría Química hai 11 accións de mellora, distribuídas en 3 das directrices. Na Directriz 2 hai 4 accións, das que 2 están pechadas e outras 2 en curso. Na Directriz 3 hai unha acción finalizada, outra non realizada, e 4 en progreso. Por último, hai unha acción finalizada na Directriz 6.

JCPC indica que no Grao en Enxeñaría Informática hai 5 accións, das que 3 están finalizadas, unha que se completará proximamente, e outra que non se vai completar e será trasladada ás accións do curso seguinte.

FOP indica que no Máster en Enxeñaría Ambiental había 5 accións propostas, e xa están pechadas.

MMM comenta que no Máster en Big Data hai 5 accións, tamén todas pechadas.

XMPL di que no Máster en Visión por Computador, sendo a 1ª edición, hai 3 accións de mellora, e que as accións se van manter no tempo e servir de base para propor novas accións.

Dende o Centro, a Directora comenta que hai 8 accións de mellora, das que 7 xa están finalizadas e unha a punto e pecharse. Tamén lembra que antes do final do ano hai que pechar tódalas accións na aplicación, tanto se están finalizadas coma se non.

## **8. Aprobación do Informe de seguimento da implantación do SGIC**

A Directora explica que se debe revisar o Manual de procesos do Centro, que todos se aplican e que temos toda a información. A Directora comparte o informe en pantalla, e mostra o contido. O documento ten 3 partes: 1) Planificación estratéxica; 2) Revisión e mellora; 3) Análise do perfil de ingreso e captación. Toda a información foi solicitada aos coordinadores de títulos para se incluír no informe, e a Directora resume tódolos procedementos que se levan a cabo nun ano.

Sen comentarios da Comisión, o informe apróbase por asentimento.

## **9. Seguimento do Plan Executivo de Calidade da ETSE no curso 2020-21.**

### **10. Revisión do Plan Executivo de Calidade da ETSE.**

A Directora decide unir ambos puntos, xa que están relacionados.

Respecto do seguimento do Plan Executivo de Calidade da ETSE, indica que é necesario revisar que tódalas accións se levan a cabo, sendo que unhas son responsabilidade do Centro e outras dos títulos. No Centro organizáronse os actos de benvida ao alumnado novo, que se organizou en 4 sesións polo aforo reducido debido á COVID.

JCPC indica que no Grao en Enxeñaría Informática, o Foro de Empresas de Informática se celebrou o 17/12/2020, en modo telemático. Tamén indica que non se fixo a reunión co Comité Externo.

AMC indica que no Grao en Enxeñaría Química a reunión da coordinación co alumnado non se fai unha, con todo o alumnado, senón que se divide ao alumnado por cursos, organizando 4 reunións.

A Directora comenta que no Grao en Enxeñaría Informática non hai evidencia das reunións de coordinación, que deben facerse no inicio e no fin de cada cuatrimestre, preferentemente para cada curso, para distribuír a carga de traballo do alumnado, etc. JCPC confirma que non se fixeron. É o único título en que faltan. JCPC comenta que se fai unha soa, global, con todo o profesorado, e que o consultará co anterior coordinador porque non hai constancia de que se fixeran. Sí hai unha reunión co alumnado. XMPL comenta que deixaron de facerse porque non aportaban nada ao título: asistía unha boa porcentaxe do profesorado, pero non respondían ao que se facía e dicía na reunión.

Sobre a revisión do Plan Executivo de Calidade da ETSE, indica que se retiran os cadros amarelos das revisións de coordinación con alumnado e profesorado do Grao en Enxeñaría Informática.

Benvida a Estudantes de Nova Incorporación: Se fai en tódolos títulos.

Información sobre Mobilidade e Programa de Prácticas en Empresa: faise unha reunión por ano.

Reunións de Coordinación: Fanse reunións para cada curso ou módulo, unha no inicio e outra no fin. As reunións de profesorado só se aplican no Grao en Enxeñaría Química, Máster en Enxeñaría Química e Bioprosos, e Máster en Enxeñaría Ambiental. En tódolos Másters se fai a benvida ao alumnado novo, así coma reunións sobre a Mobilidade.

XMPL comenta que no Máster en Visión por Computador non houbo reunión de TFG porque non procedía.

Sobre as enquisas, fanse en tódolos títulos. No Máster en Visión por Computador non se fixeron no ano pasado, pero este ano sí que se farán. Tamén se fai a enquisa de carga de traballo. A enquisa de competencias é bianual, non se fixo o ano pasado. Fanse no mes de setembro, que é mal momento para se facer (estudantes de último curso, egresados, empregadores). Debe trocarse a data, e suxírese o mes de xaneiro ou febreiro. Vaise arrancar este ano cos Graos, e é preciso ter datos de egresados e empregadores. HRM pregunta como se compaxina coa protección de datos. A Directora indica que a USC xa está a facer algo para conseguir a información. Nas empresas, é preciso ter o contacto dos titores. MCPO responde que dende Calidade se envían as enquisas aos titores. A Directora propón que se faga en febreiro, e que nese momento teremos que ter os datos necesarios.

A Directora pregunta se se debería engadir que as reunións se poidan facer telemáticas. AMC, FOP e DELC están de acordo, xa que se fomenta máis a participación en telemático.

A Directora pregunta se debería incorporarse a Aula profesional ao Plan Executivo de calidade, que conste coma unha actividade máis. Aclara que no Grao en Enxeñaría Química esta actividade é unha materia máis do título, pero nos outros títulos é unha actividade.

Na Comisión se comenta que é unha actividade da ETSE, non unha actividade académica. Tampouco é formación regrada, pero si formación transversal.

Así, propóñense como cambios incorporar a Aula Profesional, aceptar as reunións telemáticas, cambiar a data das enquisas de competencias para xaneiro/febreiro, e eliminar o alumnado da reunión de coordinación final. Con isto considérase finalizados os puntos 9 e 10 da orde do día.

## **11. Presencialidade da docencia.**

A Directora informa que dende que o luns pasado se voltou a docencia presencial a 100%, xa chegaran solicitudes de docencia telemática (á Dirección, ás Coordinacións de títulos): un alumno porque se vai operar e estará unha semana en casa. XMPL comenta o caso dun alumno deportista de alto nivel, que di que é máis cómoda a docencia telemática. Tamén o alumnado de 2º curso do Grao en Enxeñaría Informática solicita que o profesorado grabe en vídeo as clases, e os faga dispoñibles no Campus Virtual. A postura da dirección é que a USC é unha Universidade presencial, a excepción é nos Másters interuniversitarios, a colaboración con empresas (para evitar desprazamentos) e ausencias COVID. A Dirección quixo traer o asunto á Comisión para que a postura sexa unánime.

MMM indica que outro tema diferente é a grabación das clases. No Máster en Big Data se fai, porque unha parte significativa do alumnado traballan e hai limitacións horarias. A nive de Grao non ten lóxica. E pódese facer usando o TEAMS, sen ter alumnado na sesión TEAMS. AMC comenta que en algunha ocasión se pode facer por situacións excepcionais. XMPL comenta que as titorías telemáticas poden ter sentido, ero clases telemáticas non, tería que ser moi excepcional.

## **12. Quenda aberta.**

AMC pregunta polo acceso a materiais na biblioteca (TFG...): Hai consulta de libros, pero non de CD. A Directora lembra que se consulte nas comisións de títulos a eliminación da valoración “moi favorable” nos informes docentes, e que se envíe o resultado da consulta.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a sesión ás 14 h.